

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

2749 *Real decreto 162/2014, do 14 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de funcionamento e réxime interior dos centros de internamento de estranxeiros.*

I

Os centros de internamento de estranxeiros aparecen por vez primeira no noso ordenamento xurídico no artigo 26 da Lei orgánica 7/1985, do 1 de xullo, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, que establece a posibilidade de que o xuíz de instrución acorde, como medida cautelar vinculada á substanciación ou execución dun expediente de expulsión, o internamento, á disposición xudicial, de estranxeiros en locais que non teñan carácter penitenciario.

O funcionamento destes espazos de internamento foi obxecto da correspondente regulación no Regulamento de execución da Lei orgánica 7/1985, do 1 de xullo, aprobado polo Real decreto 155/1996, do 2 de febreiro, e na Orde do Ministerio de Presidencia do 22 de febreiro de 1999, ditada en cumprimento da habilitación contida no referido real decreto. Esa orde ministerial veuse aplicando ata o momento actual, coas únicas excepcións derivadas dos efectos da Sentenza do Tribunal Supremo do 11 de maio de 2005, que declarou a nulidade de diversos puntos dos artigos 30, 33 e 34, número 5.

A necesaria regulación, mediante norma con rango de lei orgánica, dos aspectos máis transcendentales do funcionamento dos centros de internamento de estranxeiros ten lugar coa aprobación de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e súa integración social, levada a cabo pola Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro. Nos artigos 62 bis a 62 sexies, introducidos polo dito texto legal, abórdanse aspectos esenciais do funcionamento destes centros, como son os dereitos e as obrigas dos internos, a información que lles debe ser subministrada no momento do seu ingreso, a formulación de peticións e queixas, a adopción de medidas de seguridade e a figura do director como responsable último do funcionamento do centro, aspectos desenvolvidos posteriormente nos artigos 153 a 155 do regulamento da dita lei orgánica, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, derogado despois polo regulamento desta actualmente en vigor, aprobado polo Real decreto 557/2011, do 20 de abril.

Os centros, tal como se recolle nos artigos 60.2 e 62 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, non teñen carácter penitenciario e os estranxeiros internados neles estarán privados unicamente do dereito deambulatorio, limitación que será conforme o contido e finalidade da medida xudicial de ingreso acordada.

A reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, operada pola Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, perfeccionou o réxime de garantías e control xudicial dos centros de internamento de estranxeiros. Para isto, créase a figura do xuíz competente para o control da estadia (artigo 62.6), recoñécese o dereito dos internos a entraren en contacto con organizacións non gobernamentais, nacionais e internacionais de protección de inmigrantes e o dereito destas a visitar os centros (artigo 62 bis) e prevese, como garantía adicional, a inmediata posta en liberdade do estranxeiro pola autoridade administrativa que o ten ao seu cargo no momento en que cesen as circunstancias que motivaron a medida cautelar de internamento (artigo 62.3).

Con posterioridade a esta última reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, produciuse outra novidade legislativa que afecta o réxime de internamento de estranxeiros. A nova redacción do artigo 89 do Código penal, dada pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, recolle o ingreso nun centro de internamento de estranxeiros como medida xudicial

tendente a asegurar, en determinados casos, a saída do territorio español daqueles estranxeiros aos cales os xuíces e tribunais substituísen penas de prisión, ou parte destas, pola medida de expulsión.

Por último, no marco normativo, é obrigado facer referencia á figura do Ministerio Fiscal, dadas as funcións que a este lle atribúe o seu estatuto orgánico, aprobado pola Lei 50/1981, do 30 de decembro, ao cal, para levalas a cabo, lle confire, entre outras, as de poder visitar os centros ou establecementos de detención, penitenciarios ou de internamento de calquera clase, e poder examinar os expedientes dos internos e demandar canta información considere conveniente.

O presente regulamento vén satisfacer non só a necesidade legal de desenvolver regulamentariamente todas estas novidades no exercicio do mandato expreso que a disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, dirixe ao Goberno, senón tamén a material de dar concreción a aspectos do funcionamento dos centros, regulando o réxime de internamento de estranxeiros de forma específica e completa mediante unha norma con rango de real decreto que veña substituír definitivamente a Orde do Ministerio da Presidencia do 22 de febreiro de 1999, ata agora en vigor, e procedéndose, así mesmo, a incorporar ao dereito nacional diversos aspectos regulados pola Directiva 2008/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa a normas e procedementos comúns nos Estados membros para o retorno dos nacionais de terceiros países en situación irregular.

Neste sentido, considerouse oportuno dedicar un regulamento específico á regulación destes centros, desvinculando tal desenvolvemento normativo do Regulamento xeral da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cuxo artigo 258 regula o ingreso neles, por considerar que a relevancia da materia e a importancia dos dereitos afectados exige un tratamento detallado dos diferentes aspectos das condicións en que se debe producir o internamento, que redunde no incremento das garantías dos estranxeiros obxecto desta medida.

Á hora de abordar a regulación completa do réxime de internamento dos estranxeiros, resulta, ademais, imprescindible ter en conta as transformacións sociais sufridas nos catorce anos transcorridos desde a aprobación da Orde do Ministerio da Presidencia do 22 de febreiro de 1999, cambios que afectaron non só o fenómeno migratorio no noso país, senón tamén a propia actividade administrativa do internamento de estranxeiros.

Precisamente, a experiencia adquirida desde a implantación dos centros de internamento, tanto desde o ámbito do Ministerio do Interior como desde o enfoque achegado por diversos organismos alleos ao dito departamento e movementos e colectivos sociais de distinta índole, aconsella que os centros en que se encontran os estranxeiros deban sufrir unha profunda reforma que traslade eses cambios demandados á propia estrutura e funcionamento destes.

Así, na organización e actividade diaria dos centros débense diferenciar dous ámbitos ben distintos e que, pola súa vez, responden a finalidades diferentes.

Por un lado, a seguridade dos centros e das persoas que neles se encontran atribúese ao Corpo Nacional de Policía, que deberá garantir, como persoal especializado na seguridade, o normal desenvolvemento da actividade nas instalacións evitando perturbacións ou restablecendo a orde que se poida ver alterada. Igualmente, o Corpo Nacional de Policía xestiona todo o relativo á tramitación do expediente de expulsión e á permanencia do estranxeiro no centro, que se encontran íntima e estreitamente unidas, sen prexuízo das competencias recoñecidas á autoridade xudicial.

Por outro, a faceta asistencial que debe ser asumida por persoal especializado alleo á policía, concretamente empregados públicos dependentes da Administración xeral do Estado, que desempeñarán as funcións de organización, xestión e control da prestación dos servizos asistenciais, tanto de carácter social como doutra orde.

Dada a natureza destes servizos, a normativa vixente ofrece diversas canles para que os diferentes órganos do Ministerio do Interior, como departamento responsable dos centros, poidan chegar a subscribir acordos ou convenios con entidades, institucións ou

organizacións, de carácter público ou privado, mediante os cales a prestación destes poida chegar a externalizarse, sen que isto supoña ningunha diminución das competencias, responsabilidade e demais funcións que, como titular dos centros, lles corresponden aos citados órganos administrativos.

II

O presente regulamento regula, no seu título I, as disposicións xerais a que se deberán adecuar estes centros, e perfílanse nelas a definición, natureza e finalidade destes establecementos. Contén, así mesmo, as disposicións que permiten incardinar os centros no Ministerio do Interior e prevé mecanismos de colaboración coas organizacións non gobernamentais comprometidas na asistencia dos estranxeiros.

En particular, o capítulo III do título I concreta os medios persoais e materiais con que deberán estar provistos estes centros, establece a súa natureza e finalidade, así como a súa organización interna, como establecementos públicos de carácter non penitenciario dependentes do Ministerio do Interior; e o capítulo IV, a estrutura organizativa, en que destaca a figura do director como garante dos dereitos dos internos e responsable último da súa seguridade e funcionamento, coa participación activa dos responsables dos distintos servizos —seguridade, sanitario, asistencial— do centro mediante a súa presenza na xunta de coordinación.

O título II regula con amplitude os dereitos e deberes que a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, lles atribúe aos internos, e dedica artigos específicos á presentación de reclamacións e queixas e ao necesario mantemento en cada centro dun libro de peticións e queixas á disposición dos internos.

Os principais procedementos de actuación —ingresos, saídas e conducións dos internos— son obxecto dunha detallada descrición no título III do regulamento que, entre outros aspectos, fai especial incidencia nos relativos á información de dereitos ao interno, así como nos requisitos e garantías necesarios para a realización destes trámites.

O título IV detalla o réxime de funcionamento dos centros, os horarios e as actividades xerais destes, e no artigo 39 atribúelle capacidades ao director para aprobar, tras a consulta coa xunta de coordinación, o horario e as medidas de réxime interior. Así mesmo, dedícanse artigos específicos á regulación do réxime de visitas de familiares e entrevistas con avogados e autoridades diplomáticas e consulares.

A formación do persoal, as regras de conduta exixibles a este e os mecanismos de control e inspección son obxecto do título V, no cal destaca a regulación da figura do xuíz competente para o control da estadía no centro e a dos órganos administrativos encargados da súa supervisión interna.

Pola súa parte, o título VI está dedicado á descrición das medidas de vixilancia e seguridade, e nel establécese a posibilidade excepcional de adoptar medidas de contención física e de separación preventiva do interno que, con pleno respecto ao principio de proporcionalidade, poderán ser tomadas para evitar actos de violencia ou lesións propias ou alleas, impedir actos de fuxida, danos nas instalacións ou de resistencia fronte ao persoal do centro no exercicio lexítimo do seu cargo, e que deberán ser comunicadas no prazo máis breve posible á autoridade xudicial, a cal deberá acordar o seu mantemento, modificación ou revogación, sen que en ningún caso poidan chegar a constituír unha sanción encuberta.

Excepcionalmente, para garantir a seguridade do centro poderase practicar o rexistro persoal do interno, que só cando sexa indispensable se realizará con nu integral. Esta medida ampárase no artigo 62 quinquies da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e regúlase coas garantías exixidas pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional (Sentenza 17/2013, do 31 de xaneiro), que declarou que pode ser un medio necesario para garantir a defensa do interese público, expresado no mantemento da orde e a seguridade no centro de internamento; deberase xustificar en cada caso a intromisión na intimidade do interno que a súa adopción constituíe. Así, en todo caso, o rexistro persoal será efectuado por funcionarios do mesmo sexo que o interno, en lugar pechado, sen a presenza doutros internos e preservando a súa dignidade e intimidade.

Para isto será necesaria a autorización previa do director do centro, ou polo menos do xefe da unidade de seguridade cando razóns de urxente necesidade impidan conseguir aquela, que llo comunicará de forma inmediata ao director. Prevese que do exame practicado se deixe constancia escrita, con indicación dos motivos e dos seus resultados, así como a remisión do escrito ao xuíz competente para o control da estadía no centro.

Finalmente, o título VII regula, en desenvolvemento do establecido no número 3 do artigo 62.bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o réxime de visitas das organizacións non gobernamentais para a defensa dos inmigrantes.

III

En canto á súa tramitación, este real decreto foi sometido a informe da Axencia Española de Protección de Datos.

A disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, contén un mandato dirixido ao Goberno para a elaboración dun regulamento que desenvolva o réxime de internamento de estranxeiros.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de marzo de 2014,

DISPONGO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de funcionamento e réxime interior dos centros de internamento de estranxeiros.

Apróbase o Regulamento de funcionamento e réxime interior dos centros de internamento de estranxeiros, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogados o artigo 258 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 557/2011, do 20 de abril, a Orde do Ministerio da Presidencia, do 22 de febreiro de 1999, sobre normas de funcionamento e réxime interior dos centros de internamento de estranxeiros, e cantas disposicións, de igual ou inferior categoría, se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.2ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de inmigración.

Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante este real decreto incorpóranse parcialmente ao dereito español diversos aspectos regulados pola Directiva 2008/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa a normas e procedementos comúns nos Estados membros para o retorno dos nacionais de terceiros países en situación irregular.

Disposición derradeira terceira. Desenvolvemento normativo.

Autorízase o ministro do Interior para ditar as normas que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERIOR DOS CENTROS DE INTERNAMENTO DE ESTRANXEIROS

Título I. Disposicións xerais, características e estrutura orgánica dos centros.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Natureza xurídica.

Artigo 2. Autorización e control xudicial.

Capítulo II. Organización xeral e competencias.

Artigo 3. Competencias.

Artigo 4. Participación e colaboración de órganos da Administración xeral do Estado e organizacións non gobernamentais.

Artigo 5. Creación.

Capítulo III. Organización interior dos centros.

Artigo 6. Departamentos e servizos.

Artigo 7. Instalacións e medios básicos.

Capítulo IV. Estrutura.

Artigo 8. Estrutura.

Artigo 9. Dirección.

Artigo 10. Xunta de coordinación.

Artigo 11. Unidade de seguridade.

Artigo 12. Administración.

Artigo 13. Secretaría.

Artigo 14. Servizo de asistencia sanitaria.

Artigo 15. Servizos de asistencia social, xurídica e cultural.

Título II. Estatuto xurídico dos estranxeiros internados.

Artigo 16. Dereitos dos internos.

Artigo 17. Protección de datos de carácter persoal.

Artigo 18. Deberes dos internos.

Artigo 19. Peticións, queixas e recursos.

Artigo 20. Entrevista persoal co director.

Título III. Procedementos de actuación: ingresos, saídas, traslados e conducións.

Capítulo I. Do ingreso nos centros.

Artigo 21. Requisitos legais do ingreso e prazo máximo de estadía.

Artigo 22. Reserva de praza.

Artigo 23. Solicitude de internamento derivada dun expediente administrativo de expulsión, devolución ou denegación de entrada.

- Artigo 24. Internamento en aplicación do artigo 89.6 do Código penal.
 - Artigo 25. Presentación do estranxeiro para o seu ingreso no centro.
 - Artigo 26. Documentación de ingreso.
 - Artigo 27. Expediente persoal do estranxeiro.
 - Artigo 28. Exame e depósito de efectos e utensilios persoais dos internos.
 - Artigo 29. Información sobre os dereitos e obrigacións ao novo interno.
 - Artigo 30. Recoñecemento médico e entrevista co servizo de asistencia social.
 - Artigo 31. Comunicación do ingreso a terceiras persoas.
 - Artigo 32. Entrega de elementos de aseo e abrigo.
- Capítulo II. Conducións, desprazamentos e traslados.
- Artigo 33. Traslado do interno a outro centro.
 - Artigo 34. Desprazamentos para a realización de actuacións xudiciais, do Ministerio Fiscal ou administrativas.
 - Artigo 35. Desprazamentos para consulta médica ou ingreso hospitalario.
 - Artigo 36. Libro-rexistro de traslados e desprazamentos.
- Capítulo III. Saída do centro.
- Artigo 37. Cesamento do ingreso.
 - Artigo 38. Reingreso do interno no centro por imposibilidade de practicar a expulsión, devolución ou regreso.
- Título IV. Normas de convivencia e réxime interior.
- Artigo 39. Aprobación do horario e das medidas de réxime interior do centro.
 - Artigo 40. Horario.
 - Artigo 41. Réxime das comunicacións.
 - Artigo 42. Visitas de familiares e doutras persoas.
 - Artigo 43. Comunicacións telefónicas.
 - Artigo 44. Actividades recreativas.
 - Artigo 45. Práctica relixiosa.
 - Artigo 46. Envío e recepción de correspondencia.
 - Artigo 47. Recepción de entregas e paquetes.
- Título V. Formación do persoal do centro e mecanismos de control e inspección.
- Capítulo I. Formación e regras de conduta do persoal dos centros.
- Artigo 48. Formación do persoal do centro.
 - Artigo 49. Regras de conduta do persoal do centro.
- Capítulo II. Mecanismos de control e inspección.
- Artigo 50. Inspección e control.
 - Artigo 51. Libros-rexistro.
- Capítulo III. Seguimento da prestación dos servizos sanitarios, asistenciais e sociais.
- Artigo 52. Reunións de seguimento da prestación dos servizos sanitarios, asistenciais e sociais.
- Título VI. Medidas de seguridade.
- Capítulo I. Vixilancia e seguridade dos centros.
- Artigo 53. Medidas de vixilancia e seguridade e competencia para a súa execución.
 - Artigo 54. Vixilancia do centro e control de accesos.
 - Artigo 55. Vixilancia e control dos internos.
 - Artigo 56. Obxectos prohibidos e non autorizados.

Capítulo II. Medidas coercitivas con internos.

Artigo 57. Contención ou separación preventiva de internos.

Título VII. Participación e colaboración das organizacións non gobernamentais.

Artigo 58. Participación nos servizos de asistencia social.

Artigo 59. Visitas aos centros das organizacións para a defensa dos inmigrantes.

Disposición adicional primeira. Sala de inadmisión.

Disposición adicional segunda. Non incremento de gasto público.

Disposición adicional terceira. Publicación de datos.

Disposición adicional cuarta. Subscrición de convenios.

Disposición transitoria única. Provisión de medios materiais e humanos.

TÍTULO I

Disposicións xerais, características e estrutura orgánica dos centros

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza xurídica.*

1. Os centros de internamento cuxo réxime interior e funcionamento se regulan neste regulamento terán a denominación de centros de internamento de estranxeiros (en diante, centros).

2. Os centros son establecementos públicos de carácter non penitenciario, dependentes do Ministerio do Interior, destinados á custodia preventiva e cautelar de estranxeiros para garantir a súa expulsión, devolución ou regreso polas causas e nos termos previstos na lexislación de estranxeiría, e dos estranxeiros aos cales se lles substituíse a pena privativa de liberdade pola medida de expulsión e o xuíz ou tribunal competente así o acorde en aplicación do disposto polo artigo 89.6 do Código penal.

3. O ingreso e a estadía nos centros terán unicamente finalidade preventiva e cautelar, e estarán orientados a garantir a presenza do estranxeiro durante a substanciación do expediente administrativo e a execución da medida de expulsión, devolución ou regreso.

4. O principio de proporcionalidade nos medios utilizados e obxectivos perseguidos, o de intervención menos restritiva e o de atención especializada a persoas vulnerables rexerán, entre outros, a xestión dos centros.

Para estes efectos, entenderanse por persoas vulnerables os menores, as persoas discapacitadas, os anciáns, as mulleres embarazadas, os pais sós con fillos menores e as persoas que padecesen tortura, violación ou outras formas graves de violencia psicolóxica, física ou sexual.

Artigo 2. *Autorización e control xudicial.*

1. Ninguén poderá ser internado nun centro sen que medie resolución ditada pola autoridade xudicial competente que expresamente así o autorice ou ordene.

2. En todo caso, o estranxeiro internado queda á disposición do xuíz ou tribunal que autorizou ou ordenou o internamento.

3. Ademais, ao xuíz competente para o control da estadía dos estranxeiros no centro correspóndelle coñecer, sen ulterior recurso, das peticións e queixas que presenten os internos en canto afecten os seus dereitos fundamentais, e visitar os centros cando coñeza algún incumprimento grave ou o considere conveniente.

CAPÍTULO II

Organización xeral e competencias

Artigo 3. *Competencias.*

1. As competencias de dirección, coordinación, xestión e inspección dos centros corresponden ao Ministerio do Interior e serán exercidas a través da Dirección Xeral da Policía, que tamén será responsable da súa seguridade e vixilancia, sen prexuízo das facultades xudiciais concernentes á autorización de ingreso e ao control da permanencia dos estranxeiros.

2. Correspóndelle á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras coordinar os ingresos e saídas nos centros co obxecto de optimizar a súa ocupación.

3. Os centros encóntranse baixo a dependencia orgánica e funcional do cadro de persoal policial onde radiquen, sen prexuízo da superior competencia da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras na súa xestión e coordinación.

Artigo 4. *Participación e colaboración de órganos da Administración xeral do Estado e organizacións non gobernamentais.*

1. Será competencia do Ministerio do Interior a prestación de servizos de asistencia sanitaria e sociais nos centros, sen prexuízo de que tales prestacións se poidan concertar con outros ministerios ou con entidades públicas ou privadas, con cargo aos programas de axuda legalmente establecidos nas correspondentes partidas orzamentarias. Procurarase que as condicións sanitarias e sociais sexan similares en todos os centros.

2. O Ministerio do Interior promoverá especialmente, de acordo co previsto na disposición adicional cuarta, a colaboración das institucións e asociacións dedicadas á axuda dos estranxeiros, que deberán respectar en todo caso as normas de réxime interior do centro. Esta colaboración promoverase sen prexuízo das funcións específicas que teñen encomendadas no artigo 62 bis.1.j) e 3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e efectuarase logo de subscrición dos correspondentes concertos, contratos ou convenios e recoñecemento da súa condición de entidades colaboradoras polo procedemento previsto no artigo 15.

Artigo 5. *Creación.*

1. Os centros créanse, modifícanse ou suprímense mediante orde do ministro do Interior.

2. Cando concorran situacións de emerxencia que desborden a capacidade dos centros, poderán habilitarse outros centros de ingreso temporal ou provisional procurando que as súas instalacións e servizos sexan similares aos dos centros, e que os internos gocen dos mesmos dereitos e garantías.

CAPÍTULO III

Organización interior dos centros

Artigo 6. *Departamentos e servizos.*

Para a cobertura dos servizos, cada centro dispoñerá, ademais dos medios persoais e materiais necesarios, das seguintes instalacións:

- a) Dirección e administración.
- b) Control de entrada e saída.
- c) Servizo de vixilancia.
- d) Asistencia sanitaria.
- e) Asistencia social, xurídica e cultural.

- f) Comedor.
- g) Aloxamento dos internos.
- h) Aseos e duchas.
- i) Locutorio para avogados e sala de visitas.
- j) Espazos adecuados para o espaxemento e recreo.

Artigo 7. *Instalacións e medios básicos.*

1. Todas as instalacións e dependencias deberán satisfacer as condicións de accesibilidade e hixiene e estar acondicionadas de maneira que o volume de espazo, ventilación, auga, iluminación e calefacción se axusten ás normas de habitabilidade e ás condicións climáticas da localidade onde estea situado o centro. Así mesmo, deberán estar equipadas do mobiliario suficiente para facelas aptas para o uso a que se destinan.

2. Os elementos de construción das instalacións e servizos deberán ser os adecuados, respecto á súa resistencia, duración e seguridade, para un uso colectivo.

3. Os centros dispoñerán de módulos independentes para permitir a separación por sexos dos internos.

Procurarase que os internos que formen unha unidade familiar estean xuntos e teñan na súa compañía os seus fillos menores, para o cal se lles facilitará, na medida do posible, aloxamento separado que garanta un adecuado grao de intimidade.

Igualmente, procurarase que as instalacións permitan a separación dos condenados, internados en virtude do artigo 89.6 do Código penal, ou que teñan antecedentes penais daqueles outros que se encontren internos pola simple estadía irregular en España.

4. Nos centros existirá un servizo de asistencia sanitaria con dispoñibilidade de persoal, instrumental e equipamento necesario para a atención permanente e de urxencia dos internos.

Existirán as dependencias necesarias para a permanencia dos estranxeiros internados que, segundo o informe emitido polo facultativo, mesmo non requirindo atención hospitalaria en razón da enfermidade física ou psíquica ou toxicomanía apreciada no seu recoñecemento, aconselle a súa separación do resto dos internados, medida que será comunicada inmediatamente ao xuíz competente para o control da estadía dos estranxeiros no centro.

5. Deberán existir instalacións adecuadas para a realización de actividades de lecer, entretemento e deportivas, así como un patio para o paseo dos internos.

6. Os centros deberán contar con espazo e medios suficientes para a almacenaxe segura das equipaxes e efectos persoais dos internos, incluíndo a custodia de diñeiro en efectivo e obxectos de valor.

7. Os centros deberán contar cun número suficiente de teléfonos públicos para o seu uso polos internos nos horarios e condicións que se determinen.

CAPÍTULO IV

Estrutura

Artigo 8. *Estrutura.*

1. En cada centro existirán as seguintes unidades e servizos:

- a) Dirección.
- b) Unidade de seguridade.
- c) Administración.
- d) Xunta de coordinación.
- e) Secretaría.
- f) Servizo de asistencia sanitaria.
- g) Servizo de asistencia social, xurídica e cultural.

2. Os postos de traballo das unidades e servizos que integran os centros que impliquen funcións de dirección e seguridade serán desempeñados por funcionarios do Corpo Nacional de Policía. Corresponderá a empregados das administracións públicas o desempeño dos demais servizos de carácter asistencial, loxístico e administrativo, sen prexuízo do establecido nos artigos 14 e 15.

Artigo 9. *Dirección.*

1. Á fronte de cada centro existirá un director, nomeado polo director xeral da Policía entre funcionarios de carreira do subgrupo A1 do Corpo Nacional de Policía, por proposta do comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras. Dependerá funcionalmente da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras e das unidades de estranxeiría correspondentes a nivel provincial ou local, e, organicamente, do cadro de persoal policial da provincia onde estea situado o centro.

2. O director será responsable de garantir o exercicio dos dereitos dos internos, do correcto funcionamento do centro, da súa seguridade, tanto exterior como interior, así como do mantemento da orde e da correcta convivencia entre os estranxeiros internados e demais persoal do centro.

3. Correspóndenlles as seguintes funcións:

a) Representar o centro nas súas relacións con autoridades, centros, entidades ou persoas.

b) Impartir as directrices de organización dos distintos servizos e coordinar e supervisar a súa execución, inspeccionando e corrixiendo calquera deficiencia que observe ou lle sexa oportunamente comunicada polo administrador ou a autoridade xudicial competente. En concreto, corresponderalle aprobar as normas de réxime interior, tras a consulta coa xunta de coordinación

c) Impulsar, organizar e coordinar as actividades, adoptando as resolucións que sexan procedentes.

d) Desempeñar a xefatura de persoal.

e) Velar pola integridade física do persoal que se encontre prestando servizos e das persoas internas.

f) Adoptar, dentro das súas competencias, as medidas necesarias para asegurar a orde e a convivencia entre os estranxeiros, así como o cumprimento dos seus dereitos, e impoñerlles medidas aos internos que non respecten as normas de correcta convivencia ou de réxime interior.

g) Convocar e presidir a xunta de coordinación.

h) Executar as resolucións da autoridade xudicial polas cales se acorde a entrada, saída e traslado dos estranxeiros, así como as ditadas polos xuíces competentes para o control da estadía nos centros.

i) Dar resposta aos escritos, peticións e queixas que poidan formular os internos conforme o previsto no presente regulamento e, de exceder o seu ámbito de atribucións, trasladalos á autoridade competente para a súa resolución.

j) Ordenar o sometemento a recoñecemento médico dos internos, cando existan causas de saúde colectiva apreciadas polo servizo médico e por solicitude deste. A decisión adoptada será comunicada sen dilación ao xuíz competente para o control da estadía dos estranxeiros no centro.

k) Autorizar, cando a urxencia do caso o xustifique e se vaian desenvolver fóra do horario xeral, as visitas de familiares ou terceiras persoas.

l) Aceptar ou denegar as solicitudes de reserva de praza formuladas polas brigadas ou grupos de estranxeiría, seguindo as directrices impartidas pola Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras. Así mesmo, será o órgano de interconexión e comunicación coa correspondente unidade policial que tramite o expediente de expulsión, devolución ou regreso, á cal dará curso das incidencias que poidan xurdir e que directa ou indirectamente afecten, nalgunha forma, o dito procedemento.

m) Velar pola custodia dos libros-rexistro e polo cumprimento do que neles se anote.

n) Trasladarlles aos seus superiores as iniciativas que considere necesarias para mellorar o funcionamento do centro e someter á súa aprobación aquelas iniciativas que non lle corresponda adoptar, tanto as que poida apreciar directamente como as que así considere por proposta do administrador.

ñ) Aquelas outras que lle atribúa o ordenamento xurídico vixente.

4. En supostos de ausencia, vacante ou enfermidade do director, será substituído polo xefe da unidade de seguridade.

Artigo 10. *Xunta de coordinación.*

1. En cada centro constituirase unha xunta de coordinación como órgano colexiado, integrada polo director, que a presidirá, e polo administrador e os responsables da unidade de seguridade e dos servizos de asistencia sanitaria e social, así como polo secretario de dirección, que actuará como secretario.

2. Esta xunta desempeñará funcións consultivas en relación coas seguintes materias:

- a) Normas de réxime interior do centro.
- b) Directrices e instrucións de organización dos distintos servizos e programación de actividades.
- c) Criterios de actuación establecidos para supostos de alteración da orde ou cando non se respecten as normas de convivencia e réxime interior.
- d) Elaboración dos informes que sexan necesarios para resolver sobre as peticións e queixas que formulen os internos.

3. A xunta de coordinación reunirse en sesión ordinaria unha vez ao mes e en sesión extraordinaria cantas veces o considere necesario o seu presidente. O seu funcionamento axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Unidade de seguridade.*

1. A unidade de seguridade estará integrada polos efectivos do Corpo Nacional de Policía que se consideren idóneos para a custodia e vixilancia do centro, con dependencia funcional da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras e orgánica do cadro de persoal policial da provincia en que estea situado o centro.

2. Á fronte da unidade estará un xefe nomeado polo director xeral da Policía entre funcionarios de carreira do subgrupo A1 do Corpo Nacional de Policía, por proposta do comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras.

3. O xefe da unidade de seguridade, ademais de substituír o director nos supostos mencionados no artigo 9.4, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Desempeñar a xefatura directa do persoal que integra a unidade, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ao director.
- b) Impartir as directrices de organización necesarias para un correcto funcionamento da vixilancia e custodia dos estranxeiros, para o cal poderá demandar cantos datos sexan precisos dos distintos servizos.
- c) Adoptar, en primeira instancia, por razóns de urxencia, as medidas necesarias para restablecer e asegurar a orde e a convivencia entre os estranxeiros internados, sen prexuízo do superior criterio do director.
- d) Verificar o cumprimento das normas de réxime interior e dar conta ao director das disfuncións e irregularidades detectadas.
- e) Comprobar o estrito cumprimento dos requisitos previstos neste regulamento para a entrada, saída ou traslado de estranxeiros dos centros, así como para as inspeccións, rexistros e exames persoais que se poidan practicar tanto dos internos coma dos visitantes.

f) Ordenar a incoación dos atestados policiais que sexan precisos sobre a base de condutas que poidan ser constitutivas de delito ou falta.

4. A unidade de seguridade asumirá a protección, custodia e mantemento da orde, tanto do interior coma do exterior das instalacións. Naquelas zonas ou espazos en que razóns de seguridade así o aconsellen, poderase prestar servizo sen armas de fogo. Esta medida será proposta polo director do centro e autorizada pola Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras.

Artigo 12. *Administración.*

1. Baixo a dependencia do director, cada centro contará cun administrador, designado entre funcionarios de carreira das administracións públicas pertencentes ao subgrupo A1 ou ao subgrupo A2. Ao administrador corresponderalle dirixir os servizos asistenciais, administrativos e loxísticos; este coidará os niveis de calidade e custo dos bens e servizos, sen prexuízo das competencias recoñecidas neste regulamento ao director.

2. En concreto, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Coordinar a actuación do persoal que preste os seus servizos no centro, excluído o persoal de seguridade e o secretario.

b) Velar por que os diferentes servizos se leven a cabo dentro do horario establecido.

c) Recibir as queixas e suxestións que presenten tanto o persoal do centro coma os internos conforme o disposto neste regulamento.

d) Dar traslado ao director das deficiencias que aprecie ou que lle sexan comunicadas polo persoal ou polos internos.

e) Propoñerlle ao director do centro a eventual alteración ou variación no horario da prestación de determinados servizos cando existan circunstancias que así o aconsellen.

f) Velar polo cumprimento das instrucións dadas polo persoal do servizo sanitario en materia de alimentación, aseo e limpeza, ou das medidas aconselladas polas crenzas relixiosas dos internos.

g) Asegurar que os diferentes servizos que integran a asistencia social aos internos se leven a cabo garantindo a liberdade, dignidade e intimidade deles e do resto de persoal do centro.

h) Velar polo cumprimento das instrucións ou directrices adoptadas polo director do centro sobre calquera servizo de índole asistencial, loxística e administrativa.

Artigo 13. *Secretaría.*

1. En cada centro existirá unha secretaría da cal será responsable o secretario, que á vez o será do centro, e cuxo nomeamento recaerá entre funcionarios de carreira do subgrupo A2 ou do subgrupo C1 do Corpo Nacional de Policía.

2. Dependerá do director, a quen dará conta das irregularidades ou deficiencias que aprecie, e velará polo cumprimento das instrucións recibidas daquel. Será o responsable de que os ingresos se efectúen coa documentación establecida, así como de que os diferentes asentos e anotacións se realicen nos libros-rexistro do centro, os cales quedarán baixo a súa custodia e conservación.

3. Igualmente, será o que reciba, transmita e realice os diferentes trámites documentais coa unidade policial que xestione o correspondente expediente en virtude do cal se autorizase e permaneza o estranxeiro internado, así como aqueles que se teñan que comunicar directamente ao xuíz de instrución que autorizase o ingreso, ou ao xuíz competente para o control da estadía dos estranxeiros no centro.

Artigo 14. *Servizo de asistencia sanitaria.*

1. En cada centro existirá un servizo de asistencia sanitaria baixo a responsabilidade dun médico pertencente á Administración xeral do Estado, que estará auxiliado nas súas funcións por, cando menos, un axudante técnico sanitario ou diplomado ou graduado

universitario en Enfermaría. A Dirección Xeral da Policía dispoñerá o necesario para garantir a adaptación do dito servizo ás necesidades existentes en cada momento no centro, en función do nivel de ocupación.

2. Correspóndelle ao servizo de asistencia sanitaria, ademais da atención sanitaria, médica e farmacéutica dos estranxeiros internados, a inspección dos servizos de hixiene, e informará a dirección e propoñeralle, para a súa aprobación e logo de exame da xunta de coordinación, as medidas necesarias e suficientes en relación:

a) Co estado, preparación e distribución dos alimentos, que serán os adecuados para o mantemento dunha dieta normal dos estranxeiros internados, tendo en consideración as adaptacións necesarias en caso de enfermidade ou crenza relixiosa, ou daquela especial que, ao xuízo do facultativo, requiran determinados estranxeiros.

b) Co aseo e hixiene dos estranxeiros internados, así como das súas roupas e pertenzas.

c) Coa hixiene, calefacción, iluminación e ventilación das dependencias.

d) Cos servizos de control periódico da salubridade.

e) Coa prevención de epidemias e adopción de medidas de illamento de pacientes infecto-contaxiosos.

3. Co fin de cubrir a necesidade eventual de hospitalización dos estranxeiros internados, así como de asistencia médica especializada, a Dirección Xeral da Policía poderá celebrar acordos, convenios ou contratos con outros ministerios, administracións públicas e entidades públicas ou privadas, conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, e con cargo aos programas establecidos nas correspondentes partidas orzamentarias.

Artigo 15. *Servizos de asistencia social, xurídica e cultural.*

1. Os centros dispoñerán dos correspondentes servizos de asistencia social e cultural aos estranxeiros internados, atendidos por traballadores sociais, baixo a dependencia directa do director, a quen se someterán, para a súa aprobación, os oportunos plans ou proxectos de actuación, logo da súa análise por parte da xunta de coordinación.

2. A prestación de servizos de asistencia social que se faciliten nos centros poderá ser concertada pola Dirección Xeral da Policía con órganos doutros ministerios ou pertencentes a outras administracións públicas, ou mediante a subscripción de acordos, convenios ou contratos, conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, con entidades públicas ou privadas e con organizacións non gobernamentais ou outras sen ánimo de lucro, con experiencia na colaboración na prestación destes servizos.

En todo caso, o persoal integrante dos servizos de asistencia social deberá contar con formación ou coñecementos adecuados en materia de dereitos humanos, estranxeiría, protección internacional, mediación intercultural, así como de enfoque de xénero e violencia contra as mulleres.

3. A asistencia social e cultural orientarase fundamentalmente á resolución dos problemas xurdidos aos estranxeiros internados e, se é o caso, ás súas familias, como consecuencia da situación de ingreso, en especial os relacionados con interpretación de linguas, relacións familiares co exterior ou tramitación de documentos.

4. Os centros dispoñerán de dependencias que aseguren a confidencialidade da orientación xurídica que lle preste ao interno o seu avogado.

Subscribiranse acordos de colaboración cos colexios de avogados para establecer as condicións de funcionamento do servizo de asistencia xurídica encargado de asistir xuridicamente aos internos que o soliciten.

TÍTULO II

Estatuto xurídico dos estranxeiros internadosArtigo 16. *Dereitos dos internos.*

1. Todas as actividades desenvolvidas nos centros se levarán a cabo salvaguardando os dereitos e as liberdades recoñecidos aos estranxeiros polo ordenamento xurídico, sen máis limitacións que as que sexan necesarias, conforme o contido e a finalidade da medida xudicial de internamento acordada.

2. En particular e en atención á súa situación, garántenselles aos estranxeiros internados, desde o seu ingreso e durante o tempo de permanencia no centro, os seguintes dereitos:

a) A seren informados nun idioma que lle sexa intelixible da súa situación, así como das resolucións xudiciais e administrativas que os afecten.

b) A que se vele polo respecto á súa vida, integridade física e saúde, sen que poida en ningún caso ser sometido a tratos degradantes ou vexatorios, e a que sexan preservadas a súa dignidade e a súa intimidade. As persoas internadas serán designadas polo seu nome, salvo manifestación expresa en contrario do interesado.

c) A facilitarlles o exercicio dos dereitos recoñecidos polo ordenamento xurídico, sen máis limitacións que as derivadas da súa situación de internamento, e en especial cando se solicite protección internacional ou cando sexa vítima de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de violencia sexual.

d) A non seren obxecto de discriminación por razón de orixe, incluída a racial ou étnica, sexo, orientación ou identidade sexual, ideoloxía, relixión ou crenzas, enfermidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

e) A recibiren asistencia médica e sanitaria adecuada e seren atendidos polos servizos de asistencia social do centro.

f) A recibiren un seguimento médico especial as mulleres das cales se teña constancia que están embarazadas.

g) A que se lles comunique inmediatamente o seu ingreso ou o seu traslado á persoa que designe en España e ao seu avogado, así como á oficina consular do país de que é nacional.

h) A seren asistidos de avogado, que se lles proporcionará de oficio, de ser o caso, e a comunicarse reservadamente con este, mesmo fóra do horario xeral do centro, cando a urxencia do caso o xustifique.

i) A se comunicaren no horario establecido no centro cos seus familiares, funcionarios consulares do seu país ou outras persoas, dereito que só se poderá restrinxir en virtude de resolución xudicial.

j) A seren asistidos de intérprete se non comprenden ou non falan castelán, de forma gratuíta se carecen de medios económicos.

k) A teren na súa compañía os seus fillos menores, sempre que o Ministerio Fiscal emita informe favorable sobre tal medida e existan no centro módulos que garantan a unidade e intimidade familiar.

l) A entraren en contacto con organizacións non gobernamentais e organismos nacionais, internacionais e non gobernamentais de protección de inmigrantes.

m) A realizaren, no momento do seu ingreso, dúas comunicacións telefónicas gratuítas: co seu avogado e cun familiar ou persoa de confianza residente en España.

n) A presentaren queixas e peticións en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos, conforme o previsto neste regulamento, que serán remitidas, preservando o seu segredo, de forma inmediata ao seu destinatario.

Artigo 17. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. Os datos de carácter persoal incluídos no expediente persoal do estranxeiro e nos libros-rexistro a que se refire o artigo 51 non serán tratados nin cedidos para ningunha

finalidade distinta que a de xestionar a situación do sometido a internamento e as funcións de vixilancia e control, así como as de seguridade, salubridade e convivencia de todo o persoal do centro e da actividade destes.

2. O tratamento dos datos de saúde será levado a cabo unicamente polo persoal que preste as funcións de asistencia sanitaria establecidas no artigo 14. A dirección, non obstante, poderá acceder aos datos que resulten estritamente imprescindibles para, se é o caso, ordenar os traslados a que se refiren os artigos 30.2 e 35.1, así como para adoptar todas as medidas precisas en garantía da seguridade, salubridade e convivencia de todo o persoal do centro e da actividade destes.

3. Cando a prestación dos servizos de asistencia sanitaria e social sexan obxecto de concertación nos termos previstos nos artigos 14 e 15, as entidades que leven a cabo a prestación dos servizos terán a condición de encargado do tratamento, e quedarán sometidas ao disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 18. *Deberes dos internos.*

1. Mentres dure o seu internamento no centro, os estranxeiros deberán cumprir os seguintes deberes:

a) Permanecer no centro á disposición do órgano xudicial que autorizase ou ordenase o seu internamento.

b) Observar as normas polas que se rexe o centro e cumprir as instrucións xerais impartidas pola dirección e as particulares que reciban dos funcionarios e empregados no exercicio lexítimo das súas funcións, encamiñadas ao mantemento da orde e a seguridade, así como as relativas ao seu propio aseo e hixiene e á limpeza do centro.

c) Manter unha actividade civicamente correcta e de respecto cos funcionarios e empregados, cos visitantes e cos outros estranxeiros internados, e absterse de proferir insultos ou ameazas contra estes, ou de promover ou intervir en agresións, leas, desordes e demais actos individuais ou colectivos que alteren a convivencia.

d) Conservar en bo estado as instalacións materiais, mobiliario e demais efectos, evitando a deterioración ou inutilización deliberada, tanto destes como dos bens ou pertenzas dos demais estranxeiros internados ou dos funcionarios.

e) Someterse a recoñecemento médico á entrada e saída do centro, así como naqueles casos en que, por razóns de saúde colectiva apreciadas polo servizo de asistencia sanitaria e por instancia deste, o dispoña o director. En caso de negativa do interno, será preciso conseguir autorización xudicial previa do xuíz competente para o control da estadía no centro.

2. Así mesmo, o interno deberá ser recoñecido polo servizo de asistencia sanitaria se se produce un feito excepcional que o aconselle ou se se dan determinadas eventualidades no centro que indiquen a conveniencia de ser recoñecido. En caso de negativa, actuarase conforme o establecido no punto anterior.

Artigo 19. *Peticións, queixas e recursos.*

1. Os estranxeiros internados poderán formular as peticións ou queixas, ou interpoñer os recursos que correspondan, ante os órganos administrativos ou xudiciais competentes ou ante o Ministerio Fiscal. Así mesmo, os estranxeiros internados poderán dirixir peticións e queixas ao Defensor do Pobo e aos organismos e institucións que consideren oportuno. En ambos os casos tamén poderán presentalas ao propio director.

2. As peticións, queixas e recursos a que se refire o punto anterior poderán presentarse no propio rexistro do centro, de conformidade coas previsións do artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e cos efectos recollidos na citada norma. Nestes casos, facilitaráselle ao interesado copia selada da primeira páxina e remitiráselle coa maior urxencia ao seu destinatario, deixando constancia no rexistro da data e hora da súa presentación, identificación do interesado e destinatario a que se envía. Isto sen prexuízo

do dereito dos interesados a obter en copia selada dos documentos que presenten, se os achegan e o solicitan.

Para tal efecto, todos os centros dispoñerán dun libro-rexistro de peticións e queixas, composto por impresos normalizados e debidamente numerados, á disposición dos internos.

3. As resolucións que se adopten ao respecto serán motivadas e notificaránselles aos interesados con expresión, se é o caso, dos recursos que procedan, prazos para interpoñelos e órganos ante os cales se deben presentar.

Artigo 20. *Entrevista persoal co director.*

Todo estranxeiro internado terá dereito a solicitar unha entrevista persoal co director co fin de formular peticións e queixas sobre aspectos relativos ao funcionamento do centro, poderaas presentar por escrito e, se así o desexa, en sobre pechado. Neste caso expediráse o correspondente recibo.

TÍTULO III

Procedementos de actuación: ingresos, saídas, traslados e conducións

CAPÍTULO I

Do ingreso nos centros

Artigo 21. *Requisitos legais do ingreso e prazo máximo de estadía.*

1. O ingreso nos centros soamente se poderá realizar en virtude de resolución da autoridade xudicial competente, nos supostos e cos efectos previstos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e no artigo 89.6 do Código penal.

2. O período de internamento manterase polo tempo imprescindible para os fins do expediente e non poderá exceder en ningún caso os sesenta días.

A decisión xudicial que o autorice, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, poderá establecer un período máximo de duración do internamento inferior ao citado.

3. Poderase solicitar un novo internamento do estranxeiro, polas mesmas causas que determinaron o internamento anterior, cando, tendo ingresado con anterioridade, non cumprise o prazo máximo de sesenta días, polo período que queda ata cumprir este. Igualmente, poderanse solicitar novos ingresos do estranxeiro se obedecen a causas diferentes. Neste caso, pola totalidade do tempo legalmente establecido.

Artigo 22. *Reserva de praza.*

Con carácter previo á solicitude do internamento perante a autoridade xudicial, o instrutor do expediente administrativo deberá tramitar a reserva de praza nun centro de acordo co procedemento establecido pola Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras.

Artigo 23. *Solicitude de internamento derivada dun expediente administrativo de expulsión, devolución ou denegación de entrada.*

1. A solicitude de ingreso será formalizada de maneira motivada ante a autoridade xudicial, segundo o establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, polo instrutor do expediente administrativo.

2. O instrutor que solicite a autorización de internamento dun estranxeiro dispoñerá a súa presentación perante o xuíz de instrución competente xunto con aqueles documentos que formen parte do expediente ou resolución de expulsión, devolución ou denegación de entrada.

3. Así mesmo, o instrutor achegaralle ao xuíz certificado de todos os períodos de internamento en centro ou centros do dito estranxeiro dos cales se teña constancia, con indicación dos expedientes administrativos de que derivaron tales medidas cautelares e os xulgados que as acordaron, así como da súa resolución.

Artigo 24. Internamento en aplicación do artigo 89.6 do Código penal.

O xuíz ou tribunal que acorde a expulsión dun estranxeiro nos supostos previstos no artigo 89.6 do Código penal será o competente para ordenar o seu ingreso nun centro co fin de asegurar a execución da resolución.

Artigo 25. Presentación do estranxeiro para o seu ingreso no centro.

1. Acordado o internamento pola autoridade xudicial, os funcionarios da correspondente brigada ou grupo policial de estranxeiría dispoñerán dos medios precisos para realizar o traslado do estranxeiro ao centro que se lle asignase.

2. O ingreso dun estranxeiro nun centro levarase a cabo mediante a súa presentación ante os funcionarios da unidade de seguridade no control de entrada, a calquera hora do día ou da noite, os cales, unha vez acordada a recepción do detido, expedirán recibo acreditativo da entrega aos funcionarios policiais comisionados para o seu traslado e presentación para a súa unión ao expediente de expulsión.

Artigo 26. Documentación de ingreso.

1. Os funcionarios policiais que presenten o estranxeiro farán entrega, para unir o expediente persoal do ingresado, dos seguintes documentos:

- a) Copia das dilixencias de iniciación, ordenación e instrución do expediente de expulsión e, se for caso, da resolución recaída, se xa tivese lugar.
- b) Resolución xudicial en que se acorde o ingreso.
- c) Nome, enderezo e teléfono do avogado que asista o interesado, do consulado, embaixada ou representación diplomática do país a que pertenza e dos seus familiares residentes en España, se os houber e así constar no expediente de expulsión. Tamén llo poderá comunicar o interesado no momento do ingreso.
- d) Folla informatizada de antecedentes policiais.
- e) Mostra fotográfica e decadactilar.
- f) Documentación persoal do estranxeiro, se a houber.
- g) Relación de bens de uso persoal ou particular, que se xuntarán nun sobre ou bolsa debidamente pechados.
- h) No caso de que o estranxeiro presente algunha lesión producida con carácter previo ao seu ingreso, presentárase necesariamente o correspondente parte facultativo de lesións.
- i) No caso de se dispor de certificados médicos do interesado, prescricións e tratamentos médicos que debe seguir, presentáranse en sobre pechado dirixido ao servizo de asistencia sanitaria do centro.

2. Os documentos entregados de acordo co punto anterior irán debidamente relacionados, por duplicado, nun documento cuxo orixinal se lles entregará aos funcionarios do centro, os cales devolverán unha copia asinada a modo de xustificación de recepción.

3. No caso de que falte algún dos documentos enumerados neste artigo, os responsables do centro instarán a emenda de tal deficiencia o antes posible.

Artigo 27. Expediente persoal do estranxeiro.

1. Abrirase un expediente persoal a cada un dos estranxeiros que ingresen no centro, en que se incluírán todos os documentos relativos á súa situación persoal. O

interno poderá consultalo e obter copia completa ou parcial do expediente. Tamén poderá autorizar un representante debidamente acreditado para facelo no seu nome.

2. Simultaneamente á apertura do expediente, cubriranse as seguintes fichas:

a) Ficha individual do interno, con todos os seus datos persoais, os relativos ao expediente administrativo, as medidas xudiciais acordadas e a anotación detallada das súas entradas, saídas e traslados do centro, con indicación das causas.

b) Ficha de comunicacións, cos datos coñecidos que permitan facilitar a comunicación cos avogados, autoridades consulares, familiares e amigos do internado.

3. Ademais, o ingreso dará lugar ás oportunas anotacións no libro-rexistro de entradas e saídas.

Artigo 28. *Exame e depósito de efectos e utensilios persoais dos internos.*

1. Se for necesario por motivos de seguridade, procederáse, no momento do ingreso, a efectuar o exame persoal do estranxeiro nos termos legalmente previstos, retirándolle, conforme o procedemento establecido neste regulamento, os obxectos non autorizados e intervindo os prohibidos. De igual forma procederáse, se é o caso, nos sucesivos ingresos que se poidan producir.

2. O interesado poderá entregar, para o seu depósito na caixa forte do centro, os obxectos de valor e o diñeiro de curso legal que posúa, así como as equipaxes e obxectos que non sexan de utilidade para a súa estadía no centro, e poderá acceder ás súas propiedades cando o considere oportuno, dentro dos horarios establecidos nas normas de réxime interior. Tales efectos, instrumentos, obxectos e diñeiro quedarán baixo a custodia do centro e seranlles devoltos cando saian.

3. Redactarase unha acta de depósito de efectos e bens do interno, en que se anotarán todos os bens retirados ao interno e entregados en depósito, que será asinada polo funcionario actuante e polo interesado e na cal se irán anotando todas as entregas ou cambios que se vaian producindo no dito depósito durante a estadía do interno no centro. A custodia destes efectos e utensilios será responsabilidade da unidade de seguridade.

Artigo 29. *Información sobre os dereitos e obrigacións ao novo interno.*

Os estranxeiros terán dereito a ser informados, no momento do seu ingreso, da súa situación, facéndolles entrega dun boletín informativo, redactado no seu idioma ou noutro que lles resulte intelixible, con información acerca dos seus dereitos e obrigacións, das normas de réxime interior e de convivencia ás cales deberán axustar a súa conduta, das normas disciplinarias aplicables, do seu dereito a dirixirlles peticións e queixas ao xuíz competente para o control da estadía no centro cando consideren vulnerados os seus dereitos fundamentais e dos medios para formularen peticións e queixas.

Artigo 30. *Recoñecemento médico e entrevista co servizo de asistencia social.*

1. Tras o seu ingreso no centro os estranxeiros serán sometidos a exame polo servizo de asistencia sanitaria do centro co obxecto de coñecer se padecen enfermidades de tipo físico ou psíquico ou presentan cadro de toxicomanía e dispoñer para o efecto o tratamento adecuado. Se o tipo de enfermidade ou padecemento, ao xuízo do facultativo, fai aconsellable o seu ingreso nun centro hospitalario, elevará proposta motivada en tal sentido ao director, quen adoptará as medidas necesarias para levalo a efecto, do cal se dará conta ao xuíz ou tribunal á disposición do cal se encontre o estranxeiro.

2. Se no recoñecemento se detectan lesións, o servizo de asistencia sanitaria do centro procederá a elaborar o correspondente parte facultativo e, de ser necesario, ordenará o traslado do paciente a un centro hospitalario conforme o procedemento establecido neste regulamento. En todo caso, farase constar se as lesións son ou non anteriores á entrada no centro e se foron ou non previamente descritas no parte facultativo

de lesións previsto no artigo 26.1.h). De non estaren descritas no parte facultativo inicial, o servizo de asistencia sanitaria, ademais de poñelo en coñecemento do director, deberá remitir o parte de lesións ao xulgado de instrución do partido xudicial onde estea radicado o centro.

3. Así mesmo, no prazo máis breve posible, o novo interno será entrevistado polo servizo de asistencia social.

Artigo 31. *Comunicación do ingreso a terceiras persoas.*

1. Formalizado o ingreso, os responsables do centro comunicaránlle ao avogado que conste no respectivo expediente, así como á embaixada ou consulado do país do interesado, e ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Permitiráselle ao estranxeiro comunicarse telefonicamente, de forma gratuíta a primeira vez, co seu avogado e cun familiar ou con outra persoa da súa confianza residentes en España.

Artigo 32. *Entrega de elementos de aseo e abrigo.*

1. No momento do ingreso farase entrega ao interno de, polo menos, os seguintes elementos que, de ser necesario, se repoñerán periodicamente:

- a) Equipamento de artigos básicos para a hixiene persoal diaria.
- b) Toallas.
- c) Roupa de cama.

2. De se apreciar que o interno non dispón de roupa ou calzado adecuados para a permanencia no centro, proveránselle.

CAPÍTULO II

Conducións, desprazamentos e traslados

Artigo 33. *Traslado do interno a outro centro.*

1. O traslado do interno a outro centro deberá ser acordado polo xuíz ou tribunal que autorizou o internamento ou o acordou. Poderá ser solicitado pola unidade policial que pediu o internamento, logo do informe da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras. Se o interno ten peticións ou queixas por vulneración de dereitos fundamentais pendentes ante o xuíz de control de estadía, a unidade policial deberá, con carácter previo, obter autorización deste.

2. Para facer efectivo o traslado, o persoal responsable do centro fará entrega do estranxeiro, xunto coas súas pertenzas e copia do seu expediente persoal, aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía comisionados para a súa condución, deixando constancia documental de todo isto na correspondente dilixencia, que será asinada polos ditos funcionarios. Unha vez recibido o estranxeiro no centro de destino, practícaranse as mesmas actuacións previstas para o ingreso.

Artigo 34. *Desprazamentos para a realización de actuacións xudiciais, do Ministerio Fiscal ou administrativas.*

1. O director autorizará o desprazamento dos estranxeiros internados para os fins de comparencias ou actuacións xudiciais ou do Ministerio Fiscal. Tamén o autorizará para a realización dos trámites necesarios na instrución dos expedientes de expulsión, devolución ou denegación de entrada. Deixarase constancia de tales desprazamentos no seu expediente persoal, con expresión da data e hora de saída e regreso.

2. Os desprazamentos deberán ser comunicados ao xuíz ou tribunal á disposición do cal se encontre o estranxeiro cando non sexa a autoridade que os solicítase.

Artigo 35. *Desprazamentos para consulta médica ou ingreso hospitalario.*

1. Cando ao xuízo do facultativo do centro, recollido no correspondente informe e achegado ao seu expediente, sexa necesaria a hospitalización ou a asistencia médica especializada do interno fóra do centro, poñerá en coñecemento do director para que dispoña o conveniente para o seu traslado ao correspondente centro hospitalario ou asistencial. Calquera desprazamento para hospitalización ou consulta externa será comunicado inmediatamente ao xuíz ou tribunal á disposición do cal estea o estranxeiro.

2. En ausencia do facultativo médico, e cando concorran razóns de especial urxencia que o fagan aconsellable, poderase actuar conforme o punto anterior por iniciativa do director ou da persoa que o substitúa.

3. Acordada a condución, o director solicitará, da comisaría de policía da localidade onde estea situado o centro, que se adopten as medidas necesarias para garantir a custodia do interno.

Artigo 36. *Libro-rexistro de traslados e desprazamentos.*

Todos os traslados e desprazamentos deberán ser debidamente dilixenciados no libro-rexistro de traslados e desprazamentos.

CAPÍTULO III

Saída do centro

Artigo 37. *Cesamento do ingreso.*

1. O cesamento do ingreso será adoptado polo director nos seguintes casos:

- a) Cando o acorde a autoridade xudicial competente.
- b) Cando o acorde a Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras, conforme o previsto no artigo 62.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.
- c) Cando se teña constancia de que a expulsión, devolución ou regreso non se poderá levar a cabo.
- d) Cando se cumpra o prazo establecido no auto xudicial de ingreso ou na súa prórroga ou venza o prazo máximo de sesenta días.
- e) Cando se vaia proceder á inmediata execución da orde de expulsión, devolución ou regreso.
- f) Cando existan razóns médicas, debidamente fundadas e xustificadas polo facultativo do centro, que se consideren necesarias para a saúde do interno.

2. A saída do centro poñerá en coñecemento da autoridade xudicial que acordou o internamento.

3. Cando o internamento se realizase en aplicación do artigo 89.6 do Código penal e a expulsión non se poida levar a cabo ou venza o prazo máximo de internamento, o director comunicarllo á respectiva brigada ou unidade de estranxeiría, a cal o poñerá en coñecemento, con antelación suficiente, da autoridade xudicial que acordou o seu ingreso, cinco días antes do cumprimento do dito prazo máximo, para efectos de que esta acorde o que considere procedente».

4. No momento da saída devolveránselle ao interno todas as pertenzas previamente depositadas, logo de que se asine o correspondente recibo. Así mesmo, entregaráselle un certificado do período de internamento e se debe proseguir algún tratamento médico, informe facultativo sobre a súa situación sanitaria e proposta terapéutica.

5. Deixarase constancia da saída no libro-rexistro de entradas e saídas mediante a inclusión, no expediente do interno, dos seguintes documentos:

- a) Dilixencia de saída do centro.
- b) Copia do auto xudicial ou resolución administrativa pola que se acorda o cesamento do internamento ou copia da orde de expulsión, devolución ou regreso.

6. Se a saída é para facer efectiva a orde de expulsión, devolución ou regreso, entregaráselle o interno aos funcionarios policiais encargados do seu traslado á fronteira e, para o efecto, formalizárase a oportuna dilixencia. Nos demais casos, a saída producirase logo de que o interno asine a oportuna dilixencia ou, se é o caso e de acordo co disposto no número 3, o seu traslado ao centro penitenciario.

Artigo 38. *Reingreso do interno no centro por imposibilidade de practicar a expulsión, devolución ou regreso.*

1. Cando se producise a saída do interno para a execución da expulsión, devolución ou regreso e finalmente a medida, por calquera causa, non se puidese levar a cabo, procederase ao seu reingreso no centro polo prazo que reste ata o máximo autorizado legal ou xudicialmente no auto de internamento, sempre que non exista constancia da imposibilidade de levar a cabo a súa repatriación. Neste caso actuarase conforme o previsto para os supostos recollidos no artigo 37.1.c) e 2.

2. O reingreso estará suxeito ás disposicións relativas ao ingreso. En todo caso, xunto co estranxeiro faráselles entrega aos responsables do centro do informe policial detallado das circunstancias que impidisen a execución da expulsión, devolución ou regreso e, en caso de que o estranxeiro presente lesións, o preceptivo parte médico. De todo isto darase conta inmediatamente á autoridade xudicial que acordou o internamento.

3. Farase constar no libro-rexistro de entradas e saídas a causa que motiva o reingreso, así como a súa comunicación á autoridade xudicial.

TÍTULO IV

Normas de convivencia e réxime interior

Artigo 39. *Aprobación do horario e das medidas de réxime interior do centro.*

O director, logo de consulta coa xunta de coordinación, determinará o horario e as medidas de réxime interior que sexan adecuadas para garantir en todo momento a seguridade e orde do centro e unha pacífica convivencia entre os estranxeiros internados, organizará as actividades que se desenvolverán e fomentará a participación daqueles. Procurará atender as súas suxestións na organización das actividades, así como no desenvolvemento dos servizos alimentarios.

Artigo 40. *Horario.*

1. O horario determinará o réxime de actividades diarias que desenvolverán os estranxeiros internados durante a xornada diúrna, tendo en conta as estacións do ano e a climatoloxía propia do lugar onde estea situado, sen que, en ningún caso, tal xornada poida comezar antes das oito horas nin terminar despois das vinte e catro horas de cada día.

2. O horario de actividades deberá facer especial referencia aos actos de aseo e hixiene persoal, visita médica, comidas, visitas externas, comunicacións telefónicas, paseo ao aire libre, lecer e descanso. Salvo por razóns especiais ou de urxencia debidamente xustificadas, o horario establecido deberá ser cumprido puntualmente por todos.

3. O tempo distribuirase de maneira que se garantan oito horas diarias para o descanso nocturno, así como, polo menos, catro horas de paseo diúrno.

Artigo 41. *Réxime das comunicacións.*

1. Os estranxeiros internados poderanse comunicar libremente co seu avogado e cos representantes diplomáticos e consulares do seu país, que deberán presentar a documentación que os acredite como tales.

2. As entrevistas darán lugar á oportuna anotación no libro-rexistro de visitas.

Artigo 42. *Visitas de familiares e doutras persoas.*

1. As visitas de familiares e doutras persoas desenvolveranse sen máis limitacións que as derivadas da custodia das persoas internadas, da súa seguridade e saúde, da capacidade das instalacións e do réxime e goberno do centro.

2. A dirección garantizará que internos e visitantes teñan coñecemento de forma previa do horario de visita, que deberá figurar en lugar visible no exterior do centro.

3. Os estranxeiros internados terán liberdade de comunicación dentro do horario fixado. Non obstante, cando as solicitudes de comunicación excedan a capacidade das instalacións, poderanse limitar os días de cada semana ou a duración das visitas, que non poderán ser inferiores a trinta minutos para visitantes salvo que se trate de familiares, avogados, representantes diplomáticos ou consulares.

4. O número de persoas que poderá simultanear a comunicación cun mesmo estranxeiro determinarase nas normas de réxime interior, dependendo das características e posibilidades de cada centro.

5. Garantirase o dereito á intimidade no desenvolvemento destas comunicacións que, salvo resolución xudicial en contrario, se realizarán con vixilancia simplemente visual.

6. Para o adecuado desenvolvemento das entrevistas, os centros contarán co correspondente locutorio de avogados e sala de visitas; e nestes evitárase a formación de grupos numerosos que dificulten o entendemento entre os comunicantes ou non permitan a necesaria intimidade das comunicacións.

7. A entrega durante a visita de calquera efecto ao interno deberase facer en presenza do persoal de seguridade, conforme o procedemento establecido no artigo 47.

8. Durante as entrevistas, tanto os estranxeiros internados coma os visitantes deberán axustarse á normativa de réxime interior, que será de público coñecemento. Cando non se observen as referidas normas, a comunicación poderá ser suspendida polos funcionarios encargados da vixilancia, que darán inmediata conta á dirección co fin de que adopte a resolución que proceda.

9. Os visitantes poderán ser sometidos, con carácter previo á comunicación co interno, a un exame persoal de seguridade, e seranlles retirados os obxectos susceptibles de constituír unha ameaza para a seguridade do centro ou das persoas que se encontran nel ou que, nalgunha forma, poida afectar o seu dereito á intimidade e á imaxe. Os obxectos prohibidos serán intervidos e remitidos á autoridade que corresponda. Calquera outro efecto que poida ser intervido será retirado polos funcionarios policiais temporalmente e entregado á saída do visitante do centro. Desta custodia temporal levantarase unha acta en que consten tanto a entrega como a posterior devolución e a sinatura do visitante e do funcionario policial.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, adoptadas as medidas que garantan a seguridade do centro, así como as que aseguren o dereito á intimidade e á imaxe de todas as persoas presentes nel, poderase autorizar, no espazo en que se desenvolva a visita e sempre que conste o consentimento previo do interno, o uso de medios ou dispositivos que conteñan ou capturen imaxes que, nestes casos, unicamente se poderán dirixir cara ao interno e ao visitante.

No suposto de que o uso deses medios afecte a intimidade, a imaxe de terceiras persoas ou a seguridade do centro, requirirase o interesado para que borre as imaxes gravadas. En caso de se negar, procederase á súa incautación e remitirase ao xuíz competente para o control da estadia no centro, xunto cun informe debidamente motivado.

Artigo 43. *Comunicacións telefónicas.*

1. O horario do centro determinará os tempos en que os internos poderán utilizar os teléfonos de uso público instalados nas zonas comúns, que deberán permitir tanto a realización como a recepción de chamadas.

2. As comunicacións telefónicas dos estranxeiros internados, salvo resolución xudicial en contrario, non estarán sometidas a ningunha intervención. Para tal efecto, nas

zonas de uso común do centro que determine a dirección habilitaranse teléfonos de uso público, sometidos á tarifa vixente que será por conta dos interesados, que poderán ser usados por estes todos os días, dentro do horario fixado pola dirección.

Artigo 44. *Actividades recreativas.*

Fóra dos horarios especificamente establecidos para cada actividade, os estranxeiros internados poderán permanecer na sala de estar, que estará equipada co necesario mobiliario para o descanso, así como cun receptor de televisión e tamén con prensa diaria, biblioteca, xogos de mesa ou outros elementos recreativos.

Artigo 45. *Práctica relixiosa.*

A dirección garantirá e respectará a liberdade relixiosa dos estranxeiros internados e facilitaralles os medios para a súa práctica. Así mesmo, facilitará que os estranxeiros poidan respectar a alimentación, os ritos e os días de festa da súa respectiva confesión, sempre que o permitan a seguridade e as actividades do centro e os dereitos fundamentais dos restantes estranxeiros internados.

Artigo 46. *Envío e recepción de correspondencia.*

Os centros facilitarán o envío e recepción de correspondencia, que poderá ser sometida a control externo, no propio centro ou en dependencias policiais próximas, por razóns de seguridade. En ningún caso se poderá proceder ao rexistro da correspondencia, salvo autorización do xuíz correspondente.

Artigo 47. *Recepción de entregas e paquetes.*

1. Os internos poderán recibir os efectos e paquetes que lles traian ao centro os seus familiares ou terceiras persoas e aqueloutros que lles envíen a través do servizo de Correos ou mensaxaría.

2. Os paquetes deberán ser sometidos aos oportunos controis externos, así como á súa apertura en presenza do portador ou, no seu defecto, do destinatario, para o cal se conseguirá a súa autorización. Devolveranse en caso de non se conceder esta.

3. En todos os supostos deixarase constancia escrita do actuado no libro-rexistro correspondente.

4. Non se admitirá a entrega de efectos, produtos ou instrumentos que poidan poñer en perigo a saúde e hixiene dos estranxeiros internados ou a seguridade destes ou do centro. Tales efectos, produtos ou instrumentos poderán ser intervidos cando estean en poder deles e daráselles o destino que corresponda.

TÍTULO V

Formación do persoal do centro e mecanismos de control e inspección

CAPÍTULO I

Formación e regras de conduta do persoal dos centros

Artigo 48. *Formación do persoal do centro.*

1. A Dirección Xeral da Policía promoverá a celebración periódica e continuada de actividades formativas dirixidas aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía e demais funcionarios e empregados públicos ao servizo dos centros, nas materias de dereitos humanos, réxime de estranxeiría, seguridade e prevención, así como de enfoque de xénero e violencia contra as mulleres.

2. O resto do persoal deberá recibir unha adecuada formación por parte da entidade privada en que se encontre integrado. Esta formación será tida en conta á hora de

subscribir convenios ou contratos con entidades ou organizacións e para o exercicio por parte daquelas dos dereitos e obrigacións que se prevén neste regulamento.

Artigo 49. *Regras de conduta do persoal do centro.*

1. O labor dos funcionarios policiais ao servizo do centro axustarase aos principios e ás normas de conduta establecidos na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Especialmente, observarán un trato correcto nas súas relacións cos internos, garantirán a integridade, dignidade e imparcialidade nas súas actuacións e evitarán realizar ou que sexa realizada por terceiros calquera práctica abusiva, arbitraria ou discriminatoria.

3. Todas as persoas que presten servizos nos centros deberán ir identificadas de forma visible.

CAPÍTULO II

Mecanismos de control e inspección

Artigo 50. *Inspección e control.*

1. Con independencia das competencias que a lexislación lle atribúe á autoridade xudicial, o Corpo Nacional de Policía, a través das súas unidades propias, poderá efectuar as inspeccións dos centros e do seu persoal que considere necesarias para garantir o eficaz cumprimento das súas funcións. Sen prexuízo do anterior, a Inspección de Persoal e Servizos de Seguridade da Secretaría de Estado de Seguridade adoptará, así mesmo, os plans oportunos para a inspección sistemática dos centros.

2. En todo caso, facilitaráselles o labor encomendado aos organismos nacionais e internacionais de protección dos dereitos humanos con competencias propias para a visita e inspección dos centros.

Artigo 51. *Libros-rexistro.*

Para o adecuado control e inspección da actividade dos centros levaranse, preferiblemente informatizados, polo menos os seguintes libros-rexistro:

- a) Libro-rexistro de entradas e saídas de internos.
- b) Libro-rexistro de traslados e desprazamentos.
- c) Libro-rexistro de visitas.
- d) Libro-rexistro de correspondencia.
- e) Libro-rexistro de peticións e queixas.

CAPÍTULO III

Seguimento da prestación dos servizos sanitarios, asistenciais e sociais

Artigo 52. *Reunións de seguimento da prestación dos servizos sanitarios, asistenciais e sociais.*

1. Co fin de efectuar o seguimento e contribuír á coordinación e mellora dos servizos sanitarios, asistenciais e sociais que se presten en todos ou nalgún dos centros, celebraranse reunións periódicas entre membros da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras e representantes das institucións, entidades ou organizacións coas cales se subscribisen convenios para a prestación dos ditos servizos.

2. As reunións de seguimento a que se refire o punto anterior estarán presididas polo comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras ou polo funcionario que o substitúa, e asistirán a elas os funcionarios da Comisaría Xeral aos cales aquel convoque, os

directores dos centros en que se presten os servizos mencionados e un representante de cada unha das institucións, entidades ou organizacións citadas designado por elas. Un funcionario da Comisaría Xeral actuará como secretario da reunión.

3. As reunións de seguimento serán convocadas polo comisario xeral; celebraranse con carácter ordinario unha vez ao semestre e, con carácter extraordinario, cando o considere oportuno o comisario xeral ou por solicitude, polo menos, dunha das institucións, entidades ou organizacións.

4. Nas reunións de seguimento poderanse abordar cantos asuntos estean relacionados coa prestación dos servizos sanitarios, asistenciais e sociais, tales como as incidencias rexistradas, as queixas e as suxestións dos internos ou as propostas de mellora elaboradas polos directores dos centros ou polas institucións, entidades ou organizacións que presten estes servizos.

TÍTULO VI

Medidas de seguridade

CAPÍTULO I

Vixilancia e seguridade dos centros

Artigo 53. *Medidas de vixilancia e seguridade e competencia para a súa execución.*

1. Correspóndelle á unidade de seguridade a execución das instrucións adoptadas polo director, para o cumprimento do deber de custodia e retención dos internos, así como o mantemento da convivencia ordenada e pacífica no centro.

2. A execución das medidas de seguridade rexeráse polos principios de proporcionalidade, oportunidade e congruencia, e levarase sempre a cabo con absoluto respecto ao honor, dignidade e demais dereitos fundamentais das persoas.

Artigo 54. *Vixilancia do centro e control de accesos.*

1. En función das súas características, cada centro adoptará as medidas que resulten precisas, incluíndo, se é o caso, a instalación de aparellos e medios técnicos, tanto no exterior coma no interior, para garantir a súa seguridade, así como para controlar o acceso de persoas e vehículos e evitar a introdución de obxectos prohibidos.

2. A vixilancia do interior poderá incluír a visualización e o control por circuíto pechado de televisión de todas as dependencias, salvo dormitorios e baños, así como dos demais espazos que se consideren reservados ou íntimos. O tratamento das imaxes someterase ao disposto na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

3. As actuacións de vixilancia e seguridade interior poderán incluír, na forma e coa periodicidade que estableza o director, a realización de inspeccións nas instalacións, incluíndo o rexistro das dependencias de uso común.

4. Cando sexa necesario para garantir a seguridade, o director poderá acordar a inspección dos dormitorios dos internos, así como das súas roupas e utensilios.

Artigo 55. *Vixilancia e control dos internos.*

1. Os funcionarios policiais realizarán a vixilancia dos internos co fin de garantir a súa seguridade persoal e custodia e evitar posibles alteracións da orde e da convivencia no centro.

2. En situacións excepcionais, e cando sexa necesario para garantir a seguridade do centro ou existan motivos racionalmente fundados para crer que o interno pode esconder obxectos ou substancias prohibidas ou non autorizadas, poderase realizar o rexistro persoal deste, mesmo nu integral se for indispensable, o cal será realizado por funcionarios do mesmo sexo que o interno, en lugar pechado e sen a presenza doutros

internos, preservando en todo momento a súa dignidade e intimidade. Para isto será necesaria a autorización previa do director, salvo que concorran razóns urxentes ou de extraordinaria necesidade. Neste caso, será precisa a autorización do xefe da unidade de seguridade e comunicaráselle de forma inmediata ao director.

Nestes supostos deixarase constancia documental do exame mediante documento subscrito polos funcionarios actuantes, no cal se farán constar os motivos que xustificaron a medida e o seu resultado. Unha copia do dito escrito remitiráselle ao xuíz competente para o control da estadía no centro.

Artigo 56. *Obxectos prohibidos e non autorizados.*

1. Terán a consideración de artigo ou obxectos prohibidos, para efectos deste regulamento, os que o sexan conforme a lexislación vixente e en especial:

- a) As armas ou outros obxectos susceptibles de seren utilizados como tales.
- b) As drogas, estupefacientes, substancias psicotrópicas e medicamentosas, salvo que medie prescrición facultativa.

2. Consideraranse artigos ou obxectos non autorizados todos aqueles que poidan supoñer, en calquera forma, un perigo para a integridade física, a seguridade, a ordenada convivencia ou a saúde de calquera persoa que estea no centro ou unha intromisión no seu dereito á intimidade ou á propia imaxe.

3. Os artigos ou obxectos prohibidos e os non autorizados serán retirados de inmediato, e con eles procederase da seguinte forma:

- a) Os prohibidos serán incautados e, se for caso, remitidos á autoridade competente xunto co informe respectivo.
- b) Os non autorizados serán devoltos ao interno cando abandone o centro.

CAPÍTULO II

Medidas coercitivas con internos

Artigo 57. *Contención ou separación preventiva de internos.*

1. O director poderá acordar o emprego de medios de contención física persoal, así como a separación preventiva do interno en cuarto individual, co fin de evitar actos de violencia ou lesións propias ou alleas, impedir posibles actos de fuxida ou danos nas instalacións do centro, así como ante a resistencia ao seu persoal no exercicio lexítimo do seu cargo ou función.

2. Os medios recollidos no punto anterior aplicaranse cando non exista outra maneira menos gravosa de actuar, durante o tempo estritamente necesario e, en todo caso, de maneira proporcional á finalidade perseguida, sen que poidan supoñer unha sanción encuberta.

3. A adopción destas medidas excepcionais será acordada polo director mediante resolución motivada, na cal se farán constar os feitos ou condutas que determinan a adopción da medida, que será notificada previamente por escrito ao interesado nun idioma que comprenda e remitida copia á autoridade xudicial que autorizou ou ordenou o internamento.

4. Cando concorran razóns de urxencia que non permitan a súa notificación previa por escrito, as medidas descritas no número 1 poderanse adoptar de forma inmediata; informarase verbalmente o interno afectado da causa e medida concreta e procederase a ditar a correspondente resolución, que fará referencia ás previsións indicadas no punto anterior.

5. Os cuartos destinados ao illamento provisional dos internos deberán ser de análogas características ás ordinarias e, diariamente, mentres permanezan internados neles, deberán ser obxecto de exame médico, do cal se emitirá o correspondente informe.

6. Non se poderá adoptar a medida de separación temporal, salvo que poida derivar un perigo inminente para a súa integridade ou a doutras persoas, cando se trate:

- a) Das mulleres xestantes.
- b) Das mulleres que terminen o embarazo durante os nove meses seguintes.
- c) Das nais lactantes.
- d) Das mulleres que teñan fillos con elas.
- e) Dos enfermos convalecentes de enfermidade grave.

7. O director deberalle comunicar de forma inmediata ao xuíz competente para o control da estadía a adopción de calquera das medidas coercitivas que se establezan, con expresión detallada dos feitos que desen lugar a ela e das circunstancias que poidan aconsellar o seu mantemento. O xuíz, no prazo máis breve posible, deberá acordar o seu mantemento, modificación ou revogación. Así mesmo, comunicarase inmediatamente o cesamento das medidas adoptadas.

TÍTULO VII

Participación e colaboración das organizacións non gobernamentais

Artigo 58. *Participación nos servizos de asistencia social.*

As entidades colaboradoras recoñecidas como tales por cumpriren cos requisitos establecidos na correspondente orde ministerial, a que se fai referencia na disposición adicional cuarta, poderán participar na prestación de servizos de asistencia social aos internos, encamiñados a atender as necesidades desa natureza, de acordo coas previsións que se fixen no marco dos convenios, contratos ou outros instrumentos xurídicos que para tal efecto se establezan.

Artigo 59. *Visitas aos centros das organizacións para a defensa dos inmigrantes.*

1. Os membros das organizacións constituídas legalmente en España para a defensa dos inmigrantes ou dedicadas ao asesoramento e axuda a solicitantes de protección internacional, e os organismos internacionais de semellante natureza, poderán ser autorizados polo director para visitaren os centros de internamento e entrevistárense cos internos nos horarios e condicións establecidos nas normas de réxime interior.

2. Para tal efecto, cada organización deberá solicitar unha acreditación previa mediante escrito dirixido ao director ao cal se xuntará:

- a) Copia dos seus estatutos.
- b) Certificado de pertenza á organización dos membros desta que soliciten acceder ao centro.
- c) Obxecto da visita.

3. As acreditacións concedidas serán persoais e intransferibles e o seu titular quedará obrigado á súa correcta conservación e utilización. A acreditación conterá os datos persoais e as medidas de seguridade que considere pertinentes a Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras para asegurar a súa correcta utilización.

Non se lles permitirá o acceso ao centro a aquelas persoas que presenten unha acreditación deteriorada ou con signos de manipulación. Nestes casos, os titulares deberán dirixir nova solicitude ao director.

4. No prazo máximo de 72 horas, e unha vez comprobado o cumprimento de todos os requisitos, o director facilitaralle á organización as acreditacións correspondentes que, no sucesivo, permitirán aos seus membros o acceso ao centro nos termos establecidos no número 1. De faltar algún documento, o director solicitará, no mesmo prazo de 72 horas, a súa emenda á organización.

5. Cando os internos soliciten do director a entrevista cunha determinada organización, o centro comunicarllo de inmediato a esta, que poderá realizar a visita de conformidade co procedemento e cos requisitos establecidos nos puntos anteriores.

Os integrantes acreditados poderán ser sometidos a un exame persoal de seguridade se os funcionarios policiais aprecian indicios de que poden portar obxectos ou efectos non autorizados ou prohibidos, conforme o indicado no artigo 56, caso en que se actuará segundo o establecido neste regulamento.

6. De cada visita deixarase constancia no correspondente libro-rexistro.

Disposición adicional primeira. *Sala de inadmisión.*

As salas de inadmisión en que permanezan os estranxeiros en espera do regreso ao seu punto de orixe por lles ter sido denegada a entrada en España rexeranse polo disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sen que lles sexan de aplicación as previsións deste regulamento.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público.*

A aplicación deste regulamento non comportará incremento do gasto público nin supoñerá incremento de dotacións, de retribucións ou doutros gastos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición adicional terceira. *Publicación de datos.*

Anualmente, a Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras publicará os datos relativos á estadía e á ocupación de cada centro.

Disposición adicional cuarta. *Subscrición de convenios.*

Para a subscrición de convenios, contratos ou outro tipo de instrumentos legais con entidades colaboradoras ou organizacións non gobernamentais ou doutro tipo, será preciso que estas cumpran cos requisitos que para tal efecto se determinen na correspondente orde ministerial.

As entidades que cumpran co establecido nela serán catalogadas como «entidade colaboradora» pola Dirección Xeral da Policía. Esta catalogación referirase a un determinado campo ou materia de prestación (sanitaria, social ou doutro tipo) sobre a cal centrarán, exclusivamente, o seu labor.

Disposición transitoria única. *Provisión de medios materiais e humanos.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta norma, a Dirección Xeral da Policía adoptará as medidas oportunas e facilitará os medios materiais e humanos necesarios para dar cumprimento ao establecido neste regulamento.